# LUGO

Concello de Lugo

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA 2026

VENRES 26/06 A XOVES 2/07



Concello de Lugo

# LUGO

## INFORMACIÓN
## CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 25/06.
Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

**Imaxe da portada: xenérica.**

Para recibir este boletín:
envía a túa dirección de correo electrónico a:
010@lugo.gal Asunto: boletín.



**ENTRADASLUGO.ES**

010 /
OMT 982 251 658

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

Concello de Lugo

*Lugo é diversidade,*
*Lugo é orgullo*

# LUGO

## COMMEMORA O

# DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIQA+

26 de xuño
DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIQA+

## CUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN, DIVULGACIÓN E LECER

O Concello de Lugo desenvolverá nos próximos días unha programación especial con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBIQA+, unha cita para promover o respecto á diversidade, á igualdade e a inclusión.

Entre as actividades previstas destaca a mesa redonda organizada en colaboración coa asociación Arelas, entidade galega de familias de menores e mocidade trans.

Baixo o título **"Romper o illamento: espazos seguros e redes para a mocidade trans"**, o encontro celebrarase o **martes 30 de xuño no Vello Cárcere.** A actividade contará coa participación de expertos e de persoas con experiencia directa nesta realidade, que compartirán reflexións e vivencias sobre os retos que afronta a mocidade trans e a importancia de contar con contornas seguras e redes de apoio.

A programación inclúe tamén actividades culturais e de lecer abertas á cidadanía, entre elas a celebración de **Lugo Diverso: unha festa para todas as cores**, que terá lugar na **Praza Bispo Basulto.**

**MESA REDONDA**
**"ROMPER O ILLAMENTO: ESPAZOS SEGUROS E REDES PARA A MOCIDADE TRANS"**

A CARGO DA ASOCIACIÓN Arelas
ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE MENORES E MOCIDADE TRANS

**VELLO CÁRCERE**

**MARTES, 30 DE XUÑO**

## PROGRAMACIÓN

**VENRES, 26 DE XUÑO**

**19.00 horas |**
Concerto de música en directo no templete da **Praza Maior.**

**SÁBADO, 27 DE XUÑO**

**22.30 horas |**
**Lugo Diverso: unha festa para todas as cores,** na **Praza Bispo Basulto.**

- Sesión DJ ata a 1.30 horas.
- Actividade de facepainting.

**MARTES, 30 DE XUÑO**

**Mesa redonda "Romper o illamento: espazos seguros e redes para a mocidade trans",** a cargo da asociación Arelas, no **Vello Cárcere.**

*Todas as persoas, todos os dereitos*

www.lugo.gal #LugoDiverso #Orgullo2026



"MULLERES"
XULIO FONTES
O VELLO CÁRCERE - PRAZA DA CONSTITUCIÓN - LUGO
Do 5 de Xuño
ao 15 de Xullo
do 2026
INAUGURACIÓN:
5 de Xuño
as 20:00 h
Presenta:
Mercedes V. Saavedra
Comisarios:
Dolores Guerrero
Manuel Estévez
Concello de Lugo
O VELLO CÁRCERE




XADREZ NA RÚA
EU XOGO
GRATUÍTO
XORNADAS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO
DE LUNS A VENRES DO 1 AO 30 DE XUÑO
DE 18:00 A 20:00 H NA PRAZA MAIOR


Federación
Librarías
de Galicia
35ª
FEIRAS DO
LIBRO ANTIGO
E DE OCASIÓN
DE GALICIA
Lugo
Praza Maior
27 de xuño–12 de xullo
10:30–14 h. e 17–21:30 h.
@LibrariasGal
www.librarias.org


UN BERRO PARA QUEN QUEDA SEN ALENTO
26/06
20:15H.
AUDITORIO GUSTAVO FREIRE LUGO
ENTRADA: 6 EUROS
MALALA
TEATRO
ESCOLA PALIMOCO TEATRO DANZA







Máis información




**“As eclipses: a gran danza celeste”**

Charla divulgativa a cargo de Begoña Nicolás Ávila, profesora de Astronomía e Astrofísica da USC.

Máis información

## NOVOS EVENTOS PRÓXIMAMENTE

Máis información de novos eventos









[Máis información]



PRESENTACIÓN DO POEMARIO
BERROS DO SILENCIO
Un encontro entre a poesía,
a memoria e a zanfona
BERROS DO SILENCIO
José Torres Piñeiro
DATA
26 DE XUNIO 2026
HORA
19:00 h
LUGAR
VELLO CÁRCERE LUGO
Música ao vivo coa zanfona
INTERVEÑEN
TOÑO NÚÑEZ
Escritor
AMALIA MÉNDEZ
Poeta
JOSÉ TORRES PIÑEIRO
Autor de
BERROS DO SILENCIO
Poesía que nace do silencio,
música que fala á alma.
Concello de Lugo
Concellería de Cultura



PROYECCIÓN DOCUMENTAL
MARY QUINTERO
CONCELLO DE LUGO
29 de Junio (19h.)
AUDITORIO CENTRO CULTURAL O VELLO CÁRCERE
MÁIS DE 90 ANOS DE CREATIVIDADE
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
Deputación DA CORUÑA
A CULTURA É UN DEREITO
DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA
Deputación Pontevedra
Concello de Lugo
Concello de Melide
CONCELLO DE VIGO
VIGO
GUIÓN Y DIRECCIÓN MARIA OJEA PRODUCTOR ROBERTO QUINTERO PRODUCCIÓN EJECUTIVA FERNANDO MARCOTE
CÁMARA Y ETALONAJE SANTIAGO IGLESIAS SONIDISTA GONZALO GIL MONTAJE ANA RIVEIRO
UN DOCUMENTAL DE PV PRODUCCIONES VIGO

O VELLO CÁRCERE
CENTRO SOCIOCULTURAL

# Programación Continua 2026

Concello de Lugo

## BIBLIOTECA + ESPAZO DIDÁCTICO

### OBRADOIROS

#### PÚBLICO INFANTIL

**"PEQUEVIÑETISTAS"**
Martes | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013-2018

**"A TODA COR"**
Mércores | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2017-2022

**"MINIRRELATOS"**
Xoves | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013 - 2018

**Club de lectura infantil "RATIÑOS DE BIBLIOTECA" (Cada tres semanas)**
Sábado | 12:00 - 13:00 | Nados/as entre 2013 - 2017

#### PÚBLICO XUVENIL

**"E TI QUE CONTAS?"**
Luns | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2009-2012

#### PÚBLICO ADULTO

**"ABRINDO AS PORTAS"**
Luns | 16:30 - 17:30

**"CONSTRUÍNDO MEMORIA"**
Martes | 16:30 - 17:30

**"ESCRITURA CREATIVA"**
Xoves | 18:30 - 19:30

**Club de lectura feminista "EN-CLAVE FEMINISTA" (Cada tres semanas)**
Sábado | 12:00 - 13:00

**Club de lectura de memoria democrática "GREGORIO SANZ" (Cada tres semanas)**
Sábado | 12:00 - 13:00

**PROGRAMA TÁNDEM**
Horarios e días en función do idioma

### VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

- VENRES: 17:30
- SÁBADOS: 11:15 e 17:30
- DOMINGOS: 11:15 (PÚBLICO FAMILIAR) e 17:30

## PROGRAMACIÓN ESCOLAR

**EDUCACIÓN PRIMARIA**
"Un edificio con boa memoria" - Nemesio Cobreros

**EDUCACIÓN SECUNDARIA**
"Un edificio con boa memoria" - Rafael de Vega

**BACHARELATO E COMUNIDADE UNIVERSITARIA**
Visita guiada edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

## ESPAZO DE LECER
Nados/as entre 2017 - 2022

### HORARIO (Sábados, domingos e festivos)

| | |
|---|---|
| MAÑÁ | **1ª quenda:** 11:00 - 12:30<br>**2ª quenda:** 12:30 - 14:00 |
| TARDE | **1ª quenda:** 16:00 - 17:30<br>**2ª quenda:** 17:30 - 19:00 |

### ACTIVIDADES

**"CONTACONTOS MIÚDOS"**
Sábados | 11:00 - 12:30 e 12:30 - 14:00

**"COUSIÑAS XEITOSAS"**
Domingos | 11:00 - 12:30

**TEMPO DE LECER**
Sábados e Domingos. Horario do espazo, excepto nas horas de "Contacontos miúdos e "Cousiñas xeitosas"

Festivos | Horario do espazo

### INFORMACIÓN IMPORTANTE

- Todas as actividades son **de balde.**
- Na Biblioteca e no Espazo Didáctico **requírese inscrición previa.**
- No Espazo de Lecer e nas visitas guiadas, **recoméndase a inscrición previa.**
- A programación está suxeita a posibles modificacións en base aos eventos que acolle o Centro.
- Máis info e bases en: **ovellocarceredelugo.gal**

Praza da Constitución s/n, 27002, Lugo
982 297 195
vellocarcere@lugo.gal
ovellocarceredelugo.gal




Visita teatralizada a cargo do Grupo de teatro Achádego que traerá ao noso recordo persoas relevantes relacionadas coa música, como Xoán Montes, a pianista de sona Asunción Montes, e Gustavo Freire.

Actividade gratuíta. Reserva de entradas nas oficinas do cemiterio (Ronda Muralla, 197), no propio recinto ou nos teléfonos : 982297303 e 982297350.
Máximo, 4 entradas por persoa.
Tamén poderán ser recollidas directamente no mesmo recinto, media hora antes do comenzo da visita.

Número máximo de prazas é de 50




[Máis información]




Máis información




Máis información




**NINO**

**[FRANCIA/2025/96'/NRM 12]**

**Dirección** Pauline Loquès

**Sinopse:** A piques de cumprir 29 anos, a Nino diagnostícanlle un cancro. É venres e o luns debe comezar un tratamento urxentemente, acompañado por alguén de confianza. Neses tres días, intentando afrontar unha noticia tan grave, vaga polas rúas de París, atópase con persoas e recordos que o confrontan co pasado e cos seus temores; o cotián cobra un novo sentido.

Este filme obtivo o premio a Mellor actor revelación e Mellor ópera prima nos 51 Premios Cesar 2026 de Francia e o Gran Premio del Jurado no Festival Internacional de Roma 2025.

**Distribución** SURTSEY FILMS




**LETRAS ROUBADAS**

**[IRLANDA/2026/98'/NRM 12]**

**Dirección** John Carney

**Sinopse** Rick é un cantante de éxito no pasado que agora actúa en vodas coa súa banda. Danny é unha estrela do pop. Despois de coñecerse por casualidade, Danny lanza un novo tema que se converte nun éxito mundial, pero Rick acúsao de roubarlle esa canción.

**Distribución** DIAMOND FIMS

**XOVES 25**
**18:00 S1 DREAMS**
[100'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**18:00 S2 VIVA**
[113'] [VERSIÓN ORIXINAL EN ESPAÑOL]
**20:00 S1 REBUILDING**
[95'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**20:00 S2 EU NON MORREREI DE AMOR**
[94'] [VERSIÓN ORIXINAL EN ESPAÑOL]

**VENRES 26**
**18:00 S1 LETRAS ROUBADAS**
[98'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**18:00 S2 NINO**
[95'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**20:00 S1 LETRAS ROUBADAS**
[98'] [VERSIÓN DOBRADA AO ESPAÑOL]
**20:00 S2 NINO**
[95'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]

**SÁBADO 27**
**18:00 S1 DREAMS**
[100'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**18:00 S2 NINO**
[95'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**20:00 S1 LETRAS ROUBADAS**
[98'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**20:00 S2 VIVA**
[113'] [VERSIÓN ORIXINAL EN ESPAÑOL]

**DOMINGO 28**
**18:00 S1 LETRAS ROUBADAS**
[98'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**18:00 S2 VIVA**
[113'] [VERSIÓN ORIXINAL EN ESPAÑOL]
**20:00 S1 DREAMS**
[100'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]
**20:00 S2 NINO**
[95'] [VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA]

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Máis información




## Xuño 2026

**Xoves 4, venres 5 e sábado 6...**

**Microefectos Dramatúrxicos**
Pases ás 20:30 e 22:30 horas.
Pezas: *Principescos* de Elvira Velasco.
*Los A/Llegados 1* de Pepe Saavedra.
*Los A/Llegados 2* de Pepe Saavedra.
*LugoParque* de Anxo Manoel.



**Mércores 10...**

♠ **18:30 horas: Concierto de Fin de Curso de Agrupaciones Heiko**

♠ **21:00 horas:**
**Festival de Combos de Fábrica de Sons**
**Escola de Música**




**Xoves 11...**

**Ás 21:30 horas: Os Mustélidos + convidados e amigos**

**Venres 12...**

♠ **20:30 h: David Prado + invitados**




♠ **22:30 h: The Lonely Tracks**
Silvia: voz; Fernán: guitarra;
Ro Muñoz: batería; Adrián: teclado.




**Sábado 13...**



**Cachas & Cousins**
**Nova Rede Galega**
**Ciclo Enraigadas**
É unha banda de *rocksteady*, R&B e *soul* xamaicano formada en Santiago de Compostela no ano 2014. O seu repertorio conta con clásicos dos 60 cuxa interpretación transmite, ademais, paixón polo *ska* ao imprimir nas actuacións máximo respecto polas raíces do xénero e coidar moito o son, de xeito que se asemella ao dos grupos da época. Resulta un agarimoso e á vez enérxico directo, apto para tódolos públicos, do cal non poderías pasar sen volver cara atrás. No tempo pretérito, percorreu a xeografía galega e participou en festivais como Outono Codax, Deleite, Feito á Man, Rúas Vivas de Noia, Ska All Night en Vigo e Circuíto Paseantes de Pontevedra.

**Domingo 14...**

**Ás 20:00 horas: Mad Foxes**
**Francia | Organiza: FaCeLa**

**Mércores 17...**

**Improdutivas. *Impro teatro***



**Xoves 18...**

♠ **17:00 horas: Concerto de tarde**
♠ **21:30 horas: Concerto de noite**
**Festa Fin de Curso**
**Escola de Música Fábrica de Sons**
**Entrada gratis**

**Venres 19...**

**LoraHacePam! + Concierto Cancelado**

**Sábado 20...**

**Why Not | Beach Avenue | Miss Penas**

**Luns 22...**

45 años aulos

**Ás 21:30 horas: AULOS**
**Festival de Música Moderna: vocais, instrumentistas e grupos.**
**Entrada de balde**

**Mércores 24...**

**Ousadías. *Impro teatro***




**Xoves 25...**




**Reytoro (Uruguai) + Galiryon (Lugo)**
Fabián Furtado: voz; Norberto Arriola: guitarra; Enzo Broglia: baixo; Fernando Alfaro: batería, secuencias.
Reytoro é o maior expoñente do metal uruguaio. Creouse no 1998 e debutou un ano máis tarde en Montevideo e na sala La Factoría. Abriu aquel *show* que Deep Purple brindara no Uruguai...

**Venres 26...**



**Juan Carlos Cambas Trío + convidado**
Juan Carlos: piano; Manolo Gómez: charango; Carlos Freire: percusión; Pablo Byurami: voz.
Xuntos levarannos de enriquecedora e integradora expedición pola xeografía musical da Arxentina e mailos diferentes momentos no decurso de trinta anos na carreira artística ao piano de Juan Carlos Cambas.
Hannos transportar ás alturas da Puna mediante ritmos ancestrais e arraigados da música andina como «Carnavalito», «Chacarera» e «Alfonsina y el mar» —*zamba* do prestixioso pianista e compositor Ariel Ramírez—. Á cidade de Buenos Aires e ao seu folklore, o tango, da man de Astor Piazzolla e «Adiós Nonino» (dedicada ao seu pai) e, así mesmo, da do artista, mito mundial do xénero, Carlos Gardel, quen estará presente co seu «Volver».
Músicas con identidade e pertenza, músicas nas que refuxiarse e que transcenden fronteiras; para almas viaxeiras con novos destinos por descubrir.




**Sábado 27...**

**Daydream Sessions Vol. 3 + Candy's Freckles**

**Domingo 28...**

**Ás 20:30 horas:**
**Nucleus + Flora + Jade4**




Emenda e traduce: Shui Long | saddayakko@gmail.com


Subvencionado con Fondos FEDER
UNIÓN EUROPEA
Unha maneira de facer Europa
XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO
AGADIC
clubtura
+ info
Entradas en: woutick!com



CANDY'S FRECKLES
DAYDREAM SESSIONS
さようなら、さようなら、ローさん
またかえってきてね。
27 JUNIO 22:00H
CLAVICÉMBALO
RÚA DOS PAXARIÑOS, 23, LUGO
10€ (¥1,853)




NUCLĒUS
FLORA
JADE4
CLUB CLAVICÉMBALO
DOMINGO 28/06
LUGO · 20:30
ANTICIPADA 8€
TAQUILLA 10€




Máis información na web de Sala Jagger




[Máis información]




[Máis información]




[Máis información]




R/ Río Navia 36, bajo. 27004 Lugo

**Visitas guiadas con cita previa (630485678/ 647060622)**

VAC-AN

FUNDACIÓN
Vázquez Cereijo - Anne Nikitik

[Máis información na web da Fundación]

Concello de Lugo

# INFORMACIÓN TURÍSTICA

SALAS MUSEÍSTICAS
OFICINA DE TURISMO






DESVELANDO
MUSAS
MOSTRA ARTÍSTICA DE PITELO
no MIHL do 29 de maio ao 24 de agosto de 2026
Organiza Concello de Lugo
HOC HIC
MIHL
Museo Interactivo da Historia de Lugo
escenoset



Museo MIHL

Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
instagram.com/mihl_museo/



O Vello Cárcere

Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195  vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
instagram.com/ovellocarcere/
twitter.com/o_vello_carcere



Sala de Exposicións Porta Miñá

Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962   museo.porta@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Casa dos Mosaicos

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15   casadosmosaicos@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Centro de Interpretación da Muralla

Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658   cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Oficina de Turismo

Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58   lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/



Centro arqueolóxico San Roque

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105 museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Museo Provincial de Lugo

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112 info@museolugo.org
facebook.com/redemuseisticaprovincial
twitter.com/RedeMuseistica



# NOVAS DE LUGO



# Xoán Montes xa é Fillo Predilecto de Lugo



O Concello de Lugo celebrou esta tarde no Círculo das Artes o acto institucional de nomeamento de Xoán Montes Capón como Fillo Predilecto da cidade, culminando así o procedemento aprobado por unanimidade pola Corporación municipal o pasado 28 de maio para recoñecer a unha das figuras máis relevantes da historia cultural lucense.

A celebración fíxose coincidir coa tradicional homenaxe que cada ano organiza o Orfeón Xoán Montes na festividade de San Xoán para lembrar a figura do compositor.

A alcaldesa, Elena Candia, destacou que Lugo recoñece hoxe "a unha figura fundamental para entender a historia cultural e musical de Lugo e Galicia". "Xoán Montes forma parte da nosa identidade colectiva. O seu legado segue vivo e continúa inspirando xeración tras xeración", sinalou.

Pola súa banda o Presidente do Orfeón subliñou "agardamos que a memoria de Xoån Montes continúe inspirando ás futuras xeracións, lembrandonos que a cultura é unha das maiores riquezas dun pobo"




Un dos momentos máis simbólicos da celebración foi a entrega en custodia do título ao Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes. O presidente do Orfeón Xoán Montes, Miguel Varela, fixo entrega da distinción ao director do centro, Borja Durán, representando a transmisión do legado do compositor ás novas xeracións.

A alcaldesa agradeceu tamén o labor desenvolvido polo Orfeón Xoán Montes, entidade promotora da iniciativa, así como o compromiso mantido durante décadas na conservación e divulgación da obra do músico lucense.

O acto contou coa participación da agrupación de música tradicional Son de Lugh, da Banda Filarmónica de Lugo e do Orfeón Xoán Montes, que puxo o broche final coa interpretación de Negra Sombra.



# Grupo de empresarios asiáticos visita Lugo



A alcaldesa de Lugo e os concelleiros do equipo de goberno recibiron  no Salón de Plenos a unha delegación de empresarios procedentes de Xapón e China, interesados en coñecer modelos de negocio e oportunidades de investimento na nosa cidade.

Durante o encontro Elena Candia presentou Lugo como un territorio atractivo para o desenvolvemento empresarial e para a captación de novos proxectos.

A rexedora lembrou ademais os vínculos que unen Lugo coa cidade chinesa de Qinhuangdao, coa que está irmandada desde 2008, e destacou a importancia de seguir reforzando estas relacións de cooperación e intercambio.

A visita completouse cun percorrido guiado polo Casco Histórico da man de Guido Guía

# BOLETÍN CULTURAL DE LUGO


010 / OMT 982 251 658

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo


**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.